



www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xornalismo



Grao en Xornalismo



www.usc.gal



Xornalismo

O Grao en Xornalismo atende á formación universitaria inicial dun ámbito de coñecemento científico e académico e de un campo de exercicio profesional consolidado e amplamente estendido. O xornalista xa está incorporado aos distintos ámbitos da sociedade, dende os entes públicos, ata iniciativas privadas.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Ciencias da Comunicación
Avda. de Castelao, s/n. Campus norte
15782 Santiago de Compostela
cc.comunicacion.decanato@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-xornalismo

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 75

Data de inicio: Setembro

Prácticas remuneradas

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 144 de materias obrigatorias e 36 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestionanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

Hai un Módulo de Prácticas en empresas xornalísticas, que se trata dunha materia optativa complementaria en empresas do sector da comunicación, vinculadas á USC a través do convenio de practicas USC-Empresa que regula esta actividade. As competencias que adquiren os estudantes son as relacionadas co propio desenvolvemento da súa estancia formativa nas empresas convidadas. Xunto a estas competencias específicas, os estudantes coñecen de modo experimental a casuística do mercado laboral.

Saídas profesionais

Grazas ás novas tecnoloxías da información e da comunicación fóronse modificando constantemente os perfís profesionais que demandan un amplo coñecemento das estratexias e sistemas de comunicación e información. É por iso que, xunto aos perfís xa tradicionais como o de xornalista de prensa, radio, televisión e gabinete de comunicación, naceron profesionais especializados na produción e xestión da información para plataformas moito máis dinámicas, como son, por exemplo, Internet ou a telefonía móbil.

En concreto pódense especificar catro perfís para os que capacita a titulación:

- Redactor/a de información xornalística en calquera tipo de soporte profesional.
- Redactor/a ou responsábel de prensa ou comunicación institucional.
- Investigador/a, docente, e consultor/a de comunicación. Especialista en investigación e análise de fenómenos e procesos de comunicación.
- Xestor/a de portais e editor/a de contidos.

